

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Publicacións

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Contos populares do Carballiño

Título completo: Contos populares do Carballiño

Editorial: Asociación Cultural Orballo / Concello do Carballiño / Consellería de Cultura da Xunta de Galicia

Ano de publicación: 1991.

Lugar de publicación: O Carballiño (Ourense).

I.S.B.N.: 84-404-9314-2.

Autore: Varios

Descrición: 53 páx.

[Da Introducción, pola Asociación Cultural Orballo]

As historias e contos populares de tradición oral representan unha expresión máis da nosa cultura.

A □Asociación Cultural ORBALLO□, conscente da necesidade de recupera-la nosa memoria colectiva e eleva-la á categoría de literaria, recolleu vellas e non tan vellas historias contadas por xentes do Carballiño, Boborás, Maside, O Irixe e Cea.

En ocasións, son produto da imaxinación dos seus autores. Outros, son relatos que o pobo creou para criticar certas conductas e actitudes de relevantes persoeiros, que non eran do seu agrado. Tampouco fallan as historias que contan casos reais, historicamente contrastados, curiosos unha veces e increíbles outros.

En todo caso, recollen e expresan a sicoloxía e maila retransa popular, sobor da maneira de ser e manifestarse das nosas xentes.

Este libro contén 48 relatos, case todos contos e sucedidos.

